




**Verde soño de auga,
ceo e pedra**



Guía turística Galego / Castellano



Concello de **FORCAREI**



Verde soño de auga, ceo e pedra
Guía turística de Forcarei

Deseño e Impresión: Técnicas & Gramaxe, S.L.
I.S.B.N. 978-84-96368-80-4
D.L. PO 620-2010
Publicación do Concello de Forcarei

TEXTOS E FOTOGRAFÍA: FRANCISCO ROZADOS "ROCHI"

AGRADECEMENTOS:

AQUILINO CAVADAS
BELAY
C.E.T.M.O.
ENRIQUE BANET
FEDERICO DE LA PEÑA
FILOMENA ÁLVAREZ
FOTO BERNABÉ
FUNDACIÓN CEO, CIENCIA E CULTURA
GERMÁN CAMPOS
JAVIER PADÍN
JAVIER TATO
JULIO FERNÁNDEZ
LOURDES ROZADOS
LUIS-MY
MANUEL REBOREDO
MARÍA JOSÉ TROTTINO
OSCAR BLANCO
SAUL GORDILLO
TONO BARBEITO

Raiola entre os bidueiros de Ponte Maril

INTRODUCCIÓN:

Forcarei é un territorio verde de herbeiras e árbores frondosas baixo un ceo luminoso e incontaminado, berce de augas nidias e canteira de circias pedras traballadas polo vento e pola man do home.

O verde salta á vista, mais tamén o amosan as súas 2.190 hectáreas de superficie arborada, na meirande parte frondosas autóctonas como o carballo e o castiñeiro. Quizais por iso mesmo decidiu establecer aquí o seu paradiro a **Fundación Galicia Verde** para desenvolver a súa actividade investigadora, didáctica e divulgadora. Por similar motivo, no que respecta ó ceo luminoso e limpo, emprazou a **Fundación Ceo, Ciencia e Cultura** un observatorio dotado co telescopio de mellores prestacións técnicas de todo o noroeste. Esa ausencia de contaminación da súa atmosfera foi tamén a que levou o divulgador **Federico de la Peña** a buscar no territorio forcarense os irremprazables escenarios biolóxicos para os seus documentais de natureza. **Forcarei atópase, ademais, entre os catorce concellos galegos que se declaran zona libre de transxénicos e esixe o seu dereito a defender o seu medio ambiente e a saúde pública por acordo do pleno do seu Concello.**

Forcarei es un territorio verde de praderas y árboles frondosos bajo un cielo luminoso e incontaminado, cuna de aguas claras y cantera de firmes piedras trabajadas por el viento y por la mano del hombre.

El verde salta a la vista, pero también lo muestran sus 2.190 hectáreas de superficie arbolada, en la mayor parte frondosas autóctonas como el roble y el castaño. Quizás por eso mismo decidió establecer aquí su paradero la **Fundación Galicia Verde** para desarrollar su actividad investigadora, didáctica y divulgadora. Por similar motivo, en lo que respecta al cielo luminoso y limpio, ubicó la **Fundación Ceo, Ciencia e Cultura** un observatorio dotado con el telescopio de mejores prestaciones técnicas de todo el noroeste. Esa ausencia de contaminación de su atmósfera ha sido también la que llevó al divulgador **Federico de la Peña** a buscar en el territorio forcarense los irremplazables escenarios biológicos para sus documentales de naturaleza. **Forcarei se encuentra, además, entre los catorce ayuntamientos gallegos que se declaran zona libre de transgénicos y exige su derecho a defender su medio ambiente y la salud pública por acuerdo del pleno de su Ayuntamiento.**



2

Cabalos en Castrelo



Solpor nas Baiucas

As augas nidias están na nacencia e nos cursos dos ríos Lárez e Umia e dos seus tributarios, acubillando as troitas que fan as delicias de avezados pescadores. A pedra está presente non só na natureza das serras e montes, senón nos grandes e pequenos monumentos elaborados pola man dos soados canteiros da terra, dende os colosais muros do mosteiro de Aciveiro e das igrexas parroquiais ata as humildes laxas dos muíños, hórreos, pombais, cruceiros e alvarizas.

En fin, da súa riqueza paisaxística e natural fala o feito de ser o **único concello galego que conta con tres espazos ambientais incluídos na rede Natura**, e do patrimonio dan boa mostra os innumerables exemplos do labor e da habelencia canteira. Isto, unido á increíble sensación de paz que se respira nos seus montes e vales e á posibilidade de realizar rutas de sendeirismo que nos conectan directamente con esa riqueza medioambiental e patrimonial fan de Forcarei un dos mellores destinos turísticos no interior de Galicia.

Las aguas claras están en el nacimiento y en los cursos de los ríos Lárez y Umia y de sus tributarios, cobijando las truchas que hacen las delicias de avezados pescadores. La piedra está presente no sólo en la naturaleza de las sierras y montes, sino en los grandes y pequeños monumentos elaborados por la mano de los afamados canteros de la tierra, desde los colosales muros del monasterio de Aciveiro y de las iglesias parroquiales hasta las humildes losas de los molinos, hórreos, palomares, cruceros y colmenares.

En fin, de su riqueza paisajística y natural habla el hecho de ser el **único municipio gallego que cuenta con tres espacios ambientales incluídos en la red Natura**, y del patrimonio dan buena muestra los innumerables ejemplos de la labor y de la destreza cantera. Esto, unido a la increíble sensación de paz que se respira en sus montes y valles y a la posibilidad de realizar rutas de senderismo que nos conectan directamente con esa riqueza medioambiental y patrimonial hacen de Forcarei uno de los mejores destinos turísticos en el interior de Galicia.

*E ós lonxes enxergo as
serras, grises, azuis, ás
veces con certas luces e
ventos semellantes a nubes,
outras a lucidías pedras
preciosas, da fidalga Terra
de Montes.*

Otero Pedrayo

Panorámica do val do Lárez

SITUACIÓN:

O concello de Forcarei, cabeceira da bisbarra de Terra de Montes, sitúase na parte norcentral da provincia de Pontevedra, nas aliñacións montañosas meridionais da Dorsal Occidental Galega, o que lle confire un relevo accidentado e configurado por unha cadenciosa e acompasada alternancia de montes e vales, cunha altitude media que rolda os 600 m. Os seus principais cumios son a Serra do Candán, co alto de San Bleito (1.017 m.), o Coco (1.007 m.), a Serra do Cando, que ten o seu feito no Outeiro do Couto (1.014 ms.), o monte Custoia (951 m.) e o alto da Ruza (902 m.). En Forcarei nacen os ríos Lérez e Umia, o primeiro a poucos metros do alto de San Bleito, nas abas do Candán, e o segundo na Reigosa.

O territorio localízase nunha zona de trasición entre o clima oceánico litoral máis húmido e o interior, de tímidos matices mediterráneos. Limita ó Nordés con Silleda, ó Leste con Lalín, ó sur co Irixo, A Lama e Cotobade, ó Oeste con Cerdedo e ó Norte coa Estrada. Abrangue unha superficie de 167,7 km².

El ayuntamiento de Forcarei, cabecera de la comarca de Terra de Montes, se ubica en la parte norcentral de la provincia de Pontevedra, en las alineaciones montañosas meridionales de la Dorsal Occidental Gallega, lo que le confiere un relieve accidentado y configurado por una cadenciosa y acompasada alternancia de montes y valles, con una altitud media que ronda los 600 m. Sus principales cumbres son la Sierra del Candán, con el alto de San Bleito (1.017 m.), el Coco (1.007 m.), la Sierra del Cando, que tiene su techo en el Outeiro do Couto (1.014 m.), el monte Custoia (951 m.) y el Alto da Ruza (902 m.). En Forcarei nacen los ríos Lérez y Umia, el primero a pocos metros del alto de San Bleito, en las laderas del Candán, y el segundo en A Reigosa.

El territorio se localiza en una zona de transición entre el clima oceánico litoral más húmido y el interior, de tímidos matices mediterráneos. Limita al Nordeste con Silleda, al Este con Lalín, al sur con O Irixo, A Lama y Cotobade, al Oeste con Cerdedo y al Norte con A Estrada. Abarca una superficie de 167,7 km².



Panorámica da vila de Forcarei

*Cando quero
soñar, pecho os
ollos e aparezo en
Forcarei.*

Chano Piñeiro



Forcarei é verde



MONTES E ESPAZOS NATURAIS:

Forcarei é o único concello en Galicia que posúe tres espazos incluídos na Rede Natura.

SERRA DO CANDÁN:



Desde o Candán
gózase dun dos máis
fermosos e graduados
horizontes da Galicia
interior.

Otero Pedrayo

Cima de San Bleito:
42°35'47,49"N 8°15'49,86"O Altitude: 1.017 m.

A Serra do Candán é un dos espazos medioambientais mellor conservados da xeografía galega. As súas 10.683 hectáreas forman parte da Rede Natura. Aproximadamente a metade do seu solo está ocupada por torqueiras secas de breixo (*Erica australis*). Conta tamén con mestas carballeiras e con numerosos bosques de ribeira en torno á densa rede hidrográfica. **Non é doado atopar outro lugar en Galicia tan preto de importantes vías de comunicación e núcleos de poboación tan respectado e a un tempo tan de costas á súa influencia.**

La Sierra del Candán es uno de los espacios medioambientales mejor conservados de la geografía gallega. Sus 10.683 hectáreas forman parte de la Red Natura. Aproximadamente la mitad de su suelo está ocupado por turberas secas de brezo rubio (*Erica australis*). Cuenta también con espesos robledales y con numerosos bosques de ribera en torno a la densa red hidrográfica. **No es fácil encontrar otro lugar en Galicia tan cerca de importantes vías de comunicación y núcleos de población tan respetado y al mismo tiempo tan de espaldas a su influencia .**



Gato Bravo



Falcón
Peregrin



Bufo
Grande

Todas estas características axudan a conformar un espazo de indubidable interese para a conservación da fauna, da que cómpre destacar mamíferos como o lobo (*Canis lupus*), o gato bravo (*Felis sylvestris*) e o xabaril (*Sus scrofa*). Polo que respecta ás aves, salientan o bufo grande (*Bubo bubo*), do que se conservan en Galicia moi poucos exemplares, a pica papuda (*Anthus campestris*), a pica patinegra montesa (*Anthus spinoletta*), a gatafornela (*Circus cyaneus*), a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), o sisón común (*Tetrax tetrax*) e o falcón peregrino (*Falco peregrinus*).

Todas estas características axudan a conformar un espazo de indubidable interese para a conservación de la fauna, de la que es necesario destacar mamíferos como el lobo (*Canis lupus*), el gato montés (*Felis sylvestris*) y el jabalí (*Sus scrofa*). En lo referente a las aves, destacan el buho real (*Bubo bubo*), del que se conservan en Galicia muy pocos ejemplares, el bisbita campestre (*Anthus campestris*), el bisbita alpino (*Anthus spinoletta*), el gavilán rastrero (*Circus cyaneus*), el aguilucho cenizo (*Circus pygargus*), el sisón común (*Tetrax tetrax*) y el halcón peregrino (*Falco peregrinus*).



Xabaril



Lobo

Vistas de Grobas,
aldeia abandonada no Candán



SERRA DO CANDO:



Castiñeiro

Outeiro do Couto:
42°30'3.64"N 8°22'11.15"O
Altitude: 1.014 m.

Emprazado no extremo sur do territorio municipal, o pequeno macizo montañoso do Cando constitúe a cabeceira da conca do río Verdugo e dalgúns tributarios do Lérez. Ocupa 5.500 hectáreas e abrangue altitudes entre os 600 e os 1.000 metros. A orografía é de suaves pendentes e formas redondeadas e achanzadas nos cumes, onde se chegan a formar pequenas lagoas e pozas temporais nas que se desenvolve **vexetación anfibia de gran interese debido á súa rareza e ó seu elevado valor ecolóxico**. A paisaxe vexetal dominante é a de torqueiras secas de breixo (*Erica Australis*) e toxeirás (*Ulex Europaeus*). Tamén hai significativas extensións cubertas por poboacións de queiroga (*Erica Ciliaris*) e carrasco (*Erica Tetralix*). Non está exento, nalgúns abas e arredores de cursos de auga, de pequenas carballeiras (*Quercus Robur*) e de vexetación

Ubicado en el extremo sur del territorio municipal, el pequeño macizo montañoso del Cando constituye la cabecera de la cuenca del río Verdugo y de algunos tributarios del Lérez. Ocupa 5.500 hectáreas y abarca altitudes entre los 600 y los 1.000 metros. La orografía es de suaves pendientes y formas redondeadas y explanadas en las cimas, donde llegan a formarse pequeñas lagunas y remansos temporales en los que se desarrolla **vegetación anfibia de gran interés debido a su rareza y a su elevado valor ecológico**. El paisaje vegetal dominante es el de turberas secas de brezo rubio (*Erica australis*) y de retamo espinoso (*Ulex europaeus*). También hay significativas extensiones cubiertas por poblaciones de argaña (*Erica ciliaris*) y brezo de turbera (*Erica tetralix*). No está exento, en algunas laderas y alrededores de cursos de agua, de pequeños robledales (*Quercus robur*) y de vegetación



Acivro



Narcissus
Cyclamineus



Picapeixe

de ribeira ben desenvolvida e composta principalmente por amieiros (*Alnus Glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*). Danse, ademais, especies como o acivro (*Ilex aquifolium*), a pereira brava (*Pyrus cordata*) e o bidueiro (*Betula alba*). Debemos salientar, polo seu interese bioxeográfico, endemismos como o salgueiro nodoso (*Salix salvifolia* ssp. *australis*) ou o *Narcissus cyclamineus*.


Polo que respecta á fauna, existe lobo, aínda que con menor presenza que na Serra do Candán, e atópanse tamén especies como o pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), a gatafornela (*Circus pygargus*), o picanzo vermello (*Lanius colluro*), o picapeixe (*Alcedo atthis*), a auganeira ou toupa de río (*Galemys pirenaicus*), a pica papuda (*Anthus campestris*) e a pica patinegra montesa (*Anthus spinoletta*).

de ribera bien desarrollada y compuesta principalmente por alisos (*Alnus glutinosa*) y sauces (*Salix atrocinerea*). Se dan, además, especies como el acebo (*Ilex aquifolium*), el peral silvestre (*Pyrus cordata*) y el abedul (*Betula alba*). Debemos destacar, por su interés biogeográfico, endemismos como la bardaguera blanca (*Salix salvifolia* ssp. *australis*) o el *Narcissus cyclamineus*.

Por lo que se refiere a la fauna, existe lobo, aunque con menor presencia que en la Sierra del Candán, y se encuentran también especies como la collalba gris (*Oenanthe oenanthe*), el aguilucho cenizo (*Circus pygargus*), el alcaudón dorsirrojo (*Lanius colluro*), el martín pescador (*Alcedo atthis*), el desmán ibérico (*Galemys pirenaicus*), el bisbita campestre (*Anthus campestris*) y el bisbita alpino (*Anthus spinoletta*).



Amieiro



Cabalos no Seixo

BRAÑAS DE XESTOSO E LAGOA SACRA:



42°40'26.52"N 8°21'9.19"O Altitude: 665 m.

Entre as concas do Ulla e do Umia e nos límites dos concellos de Forcarei, A Estrada e Silleda, atópase **un dos humidaís mellor conservados do país, constituído, segundo os expertos, a mellor representación de torqueiras ácidas de esfagno de toda Galicia**. Este singular espazo ecolóxico, desenvolvido entre toxos, breixos e uces, conta con especies coma o xunco bravo (*Rhynchospora alba*), a carqueixa (*Pterospartum tridentatum*), a orballiña ou atrapamoscas (*Drosera rotundifolia*) e a pereira brava (*Pyrus cordata*), ademais dunha notable cantidade de líques, así como significativos endemismos da singularidade da árnica montana (subespecie atlántica) ou da orquídea

Entre las cuencas del Ulla y del Umia y en los límites de los ayuntamientos de Forcarei, A Estrada y Silleda, se encuentra **uno de los humedales mejor conservados del país, constituyendo, según los expertos, la mejor representación de turberas ácidas de esfagno de toda Galicia**. Este singular espacio ecológico, desarrollado entre retamos espinosos, brezos comunes y brezos blancos, cuenta con especies como el pico-juncia (*Rhynchospora alba*), la carpaza (*Pterospartum tridentatum*), la drosera atrapamoscas (*Drosera rotundifolia*) y el peral silvestre (*Pyrus cordata*), además de una notable cantidad de líquenes, así como significativos endemismos de la singularidad del árnica montana (subespecie atlántica) o de la orquídea maculata



dixitada (*Dactylorhiza maculata*), coñecida tamén como Satirón apincado. En verán e primavera agroman na zona inmensas pradeiras de herba do algodón ou xunca bastarda (*Eriophorum angustifolium*).

Cobre un espazo de 1.077 hectáreas, e tamén acubilla un importante volume de especies animais como o sisón (*Tetrax tetrax*), a becacina craba (*Gallinago gallinago*), o

(*Dactylorhiza maculata*). En verano y primavera brotan en la zona inmensas praderas de hierba del algodón o junco lanudo (*Eriophorum angustifolium*).

Cubre un espacio de 1.077 hectáreas, y también alberga un importante volumen de especies animales como el sisón (*Tetrax tetrax*), la agachadiza común (*Gallinago gallinago*), el ratonero común (*Buteo buteo*), el halcón

Alí, no centro do mundo, sen horizontes que se cernen sobre ela, baterá o visitante coa lagoa que disque nunca secaba. O lugar impresiona pola súa soidade agreste, polo seu silencio, pola sensación de liberdade e afastamento que produce no mortal que alí chega.

Xosé Manuel Martínez Oca

miñato (*Buteo buteo*), o falcón (*Falco subbuteo*), a aguiña cobreira (*Circetus gallicus*), a curuxa das xunqueiras (*Asio Flammeus*), o paporrubio (*Erithacus rubecula*), o picanzo vermello (*Lanius colluro*), a laverca (*Alauda arvensis*), a laverca pequena (*Lullula arborea*), a cobra sapeira (*Natrix maura*) e varias clases de ras e sapos.

A Lagoa Sacra é unha poza estacional de auga que cobre, nas invernías, un espazo de aproximadamente unha hectárea. **Hai, vencelladas a ela, lendas e mitoloxía popular destinadas a tratar de esclarecer o misterio desa acumulación de auga nunha zona de penichaira.** O etnógrafo Fermín Bouza Brey e outros autores trataron o tema nos seus estudos sobre a zona.

europeo (*Falco subbuteo*), el águila culebrera (*Circetus gallicus*), la lechuza campestre (*Asio Flammeus*), el petirrojo (*Erithacus rubecula*), el alcaudón dorsirrojo (*Lanius colluro*), la alondra común (*Alauda arvensis*), la totovía (*Lullula arborea*), la culebra viperina o de agua (*Natrix maura*) y varias clases de ranas y sapos.

La Laguna Sacra es un remanso estacional de agua que cubre, en los inviernos, un espacio de aproximadamente una hectárea. **Hay, vinculadas a ella, leyendas y mitología popular destinadas a tratar de esclarecer el misterio de esa acumulación de agua en una zona de penillanura.** El etnógrafo Fermín Bouza Brey y otros autores trataron el tema en sus estudios sobre la zona.



Paporrubio



Árnica Montana



Orquídea Dixitada



Orbailiña

RUTAS DE SENDEIRISMO:

No concello de Forcarei existen dous roteiros sinalizados e homologados coas directrices que marca a Federación Galega de Montañismo. Estes son a **Ruta Aciveiro – Candán** (PR-G 100) e o **Sendero das Pontes do Lérez** (PR-G 113). Hai outras dúas rutas que se poden transitar no concello, unha que vén de tempos medievais, coñecida como **Camino Vreeiro** ou **Ruta dos Arrieiros**, que comunicaba o norte de Portugal e as terras do Ribeiro coa cidade do Apóstolo, e unha cuarta que une as aldeas de **Fixó** e **Portela**, na parroquia de Millarada. Todas se irán vendo e analizando neste libro.

En el ayuntamiento de Forcarei existen dos rutas señalizadas y homologadas con las directrices que marca la Federación Gallega de Montañismo. Estas son la **Ruta Aciveiro – Candán** (PR-G 100) y el **Sendero de los Puentes del Lérez** (PR-G 113). Hay otras dos rutas que se pueden transitar en el municipio, una que viene de tiempos medievales, conocida como **Camino Vreeiro** o **Ruta de los Arrieiros**, que comunicaba el norte de Portugal y las tierras del Ribeiro con la ciudad del Apóstol, y una cuarta que une las aldeas de **Fixó** y **Portela**, en la parroquia de Millarada. Todas se irán viendo y analizando en este libro.

Mosteiro de Aciveiro




*Pedra decana da Terra de Montes
sacras ruínas do vello mosteiro
preto do Lérez que baixa das fontes
fontes do Rego e do Forno Telleiro.*

F. Rozados "Rochi"

SENDEIRO NATURAL ACIVEIRO – CANDÁN (PR-G 100):

Panorámica da Serra do Candán



*Unha merla na Rochela
falou co seu asubío
rube, rube, meu amigo
que baixar baixa calquera.*

Preséntasenos coma unha ruta circular de aproximadamente 15 kilómetros con principio e remate ó pé do mosteiro de Santa María a Real de Aciveiro, xoia do románico serodio pontevedrés. Principiando o camiño cara o lugar de Vilaverde, atravesaremos o río Lérez e chegaremos á aldea da Rochela, onde unha grande alvariza dá testemuño da pasada presenza do oso. Logo, entre herbeiras, matogueiras, brañas e pequenas fragas, ascenderemos polas abas da Serra do Candán,

Se nos presenta como una ruta circular de aproximadamente 15 kilómetros con principio y final al pie del monasterio de Santa María la Real de Aciveiro, joya del románico tardío pontevedrés. Principiando el camino hacia el lugar de Vilaverde, atravesaremos el río Lérez y llegaremos a la aldea de Rochela, donde un gran colmenar da testimonio de la pasada presencia del oso. Luego, entre prados, matorrales, humedales y pequeños bosques, ascenderemos por las laderas de la Sierra del Candán, espacio medioambiental

espazo medioambiental incluído na Rede Natura. A ruta descende logo cara á Lamasgalán de Arriba, onde un camiño de carro dirixirá o camiñante ata a aldea de abaixo. Gozando das paisaxes e do ecosistema humanizado deste lugar, chegaremos ata a Ponte Vella de Andón, fermoso exemplo do románico popular atribuído á iniciativa do abade San Gonzalo das Penas, para logo percorrer as ribeiras do Lérez na busca do mosteiro. Casas, pontes, muíños e cruceiros son mostras do soado bo facer dos vellos canteiros da Terra de Montes.

incluído en la Red Natura. La ruta descende luego hacia Lamasgalán de Arriba, donde un camino de carro dirigirá al caminante hasta la aldea de abajo. Disfrutando de los paisajes y del ecosistema humanizado de este lugar, llegaremos hasta la Ponte Vella de Andón, hermoso ejemplo del románico popular atribuido a la iniciativa del abad San Gonzalo das Penas, para luego recorrer las orillas del Lérez a la búsqueda del monasterio. Casas, puentes, molinos y cruceiros son muestras del reputado buen hacer de los viejos canteros de la Terra de Montes.

*Encol da Terra de Montes
funga o sol como unha abella
deixando vinchas de mel
escoando pol-as leiras*

Luis Amado Carballo

*A Terra de Montes está chea de
obras anónimas que admiran pola súa
calidade e sinxeleza, e que foron feitas
por xentes anónimas ou por artistas
que hoxe temos esquecidos.*

Xosé Luis Barreiro



Anoitecer no Candán



Alvariza na Rochela



Treito do camiño

SERVIZO DE AUDIOGUÍAS DAS RUTAS PR-G 100 e PR-G 113:

O Concello de Forcarei ofrece, desde o ano 2009, a posibilidade de descargar unha audioguía para estas rutas na páxina web <http://www.forcarei.com.es/rutas/gal/index.html>, dun xeito cómodo e sinxelo. Desde aquí poderase acceder a esas audioguías mp3 para escoitar nun reprodutor que guíe os pasos do sendeirista. Sen restricións, o camiñante poderá elixir que visitar, que coñecer, onde se deter. Dun xeito diferente, adaptado ó ritmo de cadaquén, danse as claves para coñecer o destino da ruta. O camiñante elixirá como, cando e a que compás quere coñecer a fermosa paisaxe da ruta. Ademais da ruta, atopará material de apoio para seguir sen problemas o percorrido. Poderá atopar audioguías en galego, castelán e inglés; mapas das rutas en diferentes formatos (PDF, GPX, KMAZ e GPI), cos principais puntos de interese para guiado e que non se perda nunca no percorrido; historia, lendas, arte, anécdotas, gastronomía... todo o que precise escoitar para gozar da visita. As rutas poderanse descargar na páxina ou *in situ*, achegándose á Casa do Concello de

El Ayuntamiento de forcarei ofrece, desde el año 2009, la posibilidad de descargar una audioguía para estas rutas en la página web <http://www.forcarei.com.es/rutas/cas/index.html>, de una manera cómoda y sencilla. Desde aquí se podrá acceder a esas audioguías mp3 para escuchar en un reprodutor que guíe los pasos del senderista. Sin restricciones, el caminante podrá elegir qué visitar, qué conocer, donde detenerse. De una manera diferente, adaptada al ritmo de cada cual, se dan las claves para conocer el destino de la ruta. El caminante elegirá cómo, cuándo y a que compás quiere conocer el hermoso paisaje de la ruta. Además de la ruta, encontrará material de apoyo para seguir sin problemas el recorrido. Podá encontrar audioguías en gallego, castellano e inglés; mapas de las rutas en diferentes formatos (PDF, GPX, KMAZ y GPI), con los principales puntos de interés para guiarlo y que no se pierda nunca en el recorrido; historia, leyendas, arte, anécdotas, gastronomía... todo lo que se precise escuchar para disfrutar de la visita. Las rutas se podrán descargar en la página o *in situ*, acercándose



*Escoito o cantar
barroco da Terra de
Montes...*

Xosé Fraga Iglesias

Forcarei, onde disporá dun ordenador que lle permitirá descargar: audioguía da ruta en MP3, arquivo GPX para poder seguir a ruta no GPS, arquivo GPI cos puntos de interese (POL), con imaxes e audio para o GPS Garmin compatible con MP3, e arquivo KMZ de Google Earth coa ruta e as imaxes. Tamén, na praza da vila, poderá botarlle unha ollada ós paneis informativos dos roteiros.

a la Casa Consistorial de Forcarei, donde dispondrá de un ordenador que le permitirá descargar: audioguía de la ruta en MP3, archivo GPX para poder seguir la ruta en el GPS, archivo GPI con los puntos de interés (POL), con imágenes y audio para el GPS Garmin compatible con MP3, y archivo KMZ de Google Earth con la ruta y las imágenes. También, en la plaza de la villa, podrá echarle una ojeada a los paneles informativos de las rutas.

Xornada infantil de sendeirismo




FESTA DO COGOMELO (SOUTELO DE MONTES)

Dende 1999 celébrase en Soutelo de Montes a Festa do Cogomelo, acompañada nos últimos anos dunha feira tradicional –que xa forma parte do calendario de **Feiras Sustentables de Galicia**– na que se valorizan os produtos alimentarios e artesanais da terra. Todos os anos se dan cita no outono de Soutelo milleiros de persoas desexosas de degustar os cogomelos que as primeiras chuvias de setembro e outubro fan agromar nos montes e nos prados da bisbarra.

Desde 1999 se celebra en Soutelo de Montes la Festa do Cogomelo (Fiesta de la Seto), acompañada en los últimos años de una feria tradicional –que ya forma parte del calendario de **Ferias Sostenibles de Galicia**– en la que se valorizan los productos alimentarios y artesanos de la tierra. Todos los años se dan cita en el otoño de Soutelo miles de personas ávidas de degustar las setas que las primeras lluvias de septiembre y octubre hacen surgir en los montes y praderas de la comarca.

*Séntate aquí compañeiro
ti nunha pedra i eu noutra
contaremos as pasadas
de Soutelo a Vilapouca.*

Avelino Cachafeiro



*Sementiñas de milleiros
e montañas
cachapudas...
¡Terra brava de
Soutelo!*

Luis Amado Carballo



42°32'11.04"N
8°18'14.10"O
Altitude: 650 m.



Niscalos



Filloas e cesta premiada no certame da Festa do Cogomelo

Os pratos confecciónanse engadindo ós cogomelos outros manxares coma calos, arroz ou carne de xabaril, e complétanse con sobremesas caseiras coma chulas ou as célebres filloas. Na organización colabora gran parte da veciñanza soutelá.

Los platos se confeccionan añadiendo a las setas otros manjares como callos, arroz o carne de jabalí, y se completan con postres caseros como buñuelos o las célebres filloas (*hojuelas*). En la organización colabora gran parte de los vecinos de Soutelo.



Cantarella



Boletus



Clavaria



Lepiotas

CENTRO MEDIOAMBIENTAL “GERARDO MUÑOZ” DE LEVOSO:

O Centro Medioambiental “Gerardo Muñoz” de Levoso foi levado a cabo pola Fundación Galicia Verde contando coa colaboración do programa de desenvolvemento rural Leader + Montes, o Concello de Forcarei, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia. **O seu cometido primordial é dignificar a imaxe pública das persoas dedicadas ó sector primario, tratar de fixar a poboación rural e, por riba de todo, converterse nun centro de formación e investigación permanente para a formación e reciclaxe dos profesionais e para recuperar e mellorar o noso patrimonio xenético autóctono.**



El Centro Medioambiental “Gerardo Muñoz” de Levoso fue llevado a cabo por la Fundación Galicia Verde contando con la colaboración del programa de desarrollo rural Leader + Montes, el Ayuntamiento de Forcarei, la Diputación de Pontevedra y la Xunta de Galicia. **Su cometido primordial es dignificar la imagen pública de las personas dedicadas al sector primario, tratar de fija la población rural y, por encima de todo, convertirse en un centro de formación e investigación permanente para la formación y reciclaje de los profesionales y para recuperar y mejorar nuestro patrimonio genético autóctono.**

42°36'51.80"N
8°22'16.88"O
Altitude: 629 m.



A formación asistencial permanente é unha das súas prioridades. Aséntase na vella escola de Levoso (Quintillán) e conta con instalacións que son unha auténtica “escuela viva” de arquitectura e construción sustentables, con autosuficiencia térmica e eléctrica, depuración de augas e todo tipo de tecnoloxías verdes. **Tén tamén unha horta concibida como laboratorio e centro de produción e recuperación de sementes. Os bancais instaláronse con criterios de Xeobioloxía e Permacultura, constituíndo un magnífico exemplo de xestión ecolóxica dos recursos.** A rega realízase por medio de bandas humectantes e está totalmente informatizada. Inclúe espazos húmidos para depuración das augas e árbores frutais que introducen e manteñen a diversidade biolóxica.



La formación asistencial permanente es una de sus prioridades. Se asienta en la vieja escuela de Levoso (Quintillán) y cuenta con instalaciones que son una auténtica “escuela viva” de arquitectura y construcción sostenibles, con autosuficiencia térmica y eléctrica, depuración de aguas y todo tipo de tecnologías verdes. **Tiene también una huerta concebida como laboratorio y centro de producción y recuperación de semillas. Los bancales se instalaron con criterios de Geobiología y Permacultura, constituyendo un magnífico ejemplo de gestión ecológica de los recursos.** El riego se realiza por medio de bandas humectantes y está totalmente informatizado. Incluye espacios húmedos para depuración de las aguas y árboles frutales que introducen y mantienen la diversidad biológica.



PAISAXES:

A paisaxe de Forcarei é un canto perennemente verde no que inzan as carballeiras, os soutos de castiñeiros, as freixas nos ríos e regatos e as valgas sempre rebordantes de vexetación. Todas estas manifestacións da natureza gañan en esplendor cando se mesturan coas omnipresentes obras dos magos da pedra, demiúrgos de pontes, cruceiros, ermidas, pombais e alvarizas que deron un segundo nome a esta bisbarra: **Terra de Canteiros**. Eles souberon, hai máis de cinco séculos, alzar a Ponte Gomaíl nun retirado recanto que hoxe segue a ser unha privilexiada paraxe, no treito onde o Lérez comeza a dicir adeus ás terras forcarense; souberon erguer cruceiros alí

El paisaje de Forcarei es un canto perennemente verde en el que proliferan los robledales, los sotos de castaños, las cascadas en los río y arroyos y las vaguadas siempre rebosantes de vegetación. Todas estas manifestaciones de la naturaleza ganan en esplendor cuando se mezclan con las omnipresentes obras de los magos de la piedra, demiurgos de puentes, cruceros, ermitas, palomares y colmenares que dieron un segundo nombre a esta comarca: **Tierra de Canteros**. Ellos supieron, hace más de cinco siglos, alzar la Ponte Gomaíl en un retirado rincón que hoy sigue siendo un privilegiado paraje, en el tramo donde el Lérez comienza a decir adiós a las tierras forcarense;



Carballeira do Abelao


onde poden ser acochados polas carballeiras, coma en Quintillán, ou bicados polas figueiras e os loureiros. Souberon tamén apostar muros de infindo labor, hoxe donceis das hedras, rodeando as hortas, nunha fermosa simbiose de pedra adurmiñada e verdor que define soberbiamente ese irmandamento que existe na Terra de Montes entre a natureza e o labor canteiro. O talento destes homes serviu para crear a imaxe dunha terra sempre fiel a unha nai natureza pródiga en paisaxes verdecentes nutridos por un incansable orballo que vai enchoupando, coma sen se dar conta, a comunión perfecta entre pedra, flora e silencio.

supieron erguir cruceros allí donde pueden ser arropados por los robledales, como en Quintillán, o besados por la higueras y los laureles. Supieron también apostar muros de infinita labor, hoy donceles de las hiedras, rodeando las huertas, en una hermosa simbiosis de piedra adormecida y verdor que define soberbiamente ese hermanamiento que existe en la Terra de Montes entre la naturaleza y la labor cantera. El talento de estos hombres sirvió para crear la imagen de una tierra siempre fiel a una madre naturaleza pródiga en paisajes verdosos nutridos por una incansable llovizna que va empapando, como sin darse cuenta, la comunión perfecta entre piedra, flora y silencio.

*Terra de Montes,
nominada así de antigo,
acaso por unha soidade de
silencio.*

Xosé Vázquez Pintor





Forcarei é auga




RÍO LÉREZ:



O río Lérez nace na Serra do Candán, a unha altitude aproximada de 900 metros, nas abas da cima de San Bieito (a sabedoría popular, apelando ó simbolismo e á maxia que nas crenzas populares ten o número sete, faiño xurdir de sete fontes: fonte do Rego Dedra, fonte do Pau Dereito, fonte do Rego dos Bidros, fonte do Rego da Mexadoira, fonte do Carballo Torto, fonte do Rego das Latas e fonte do Forno Telleiro). Posúe unha lonxitude de 57 kilómetro ata a súa desembocadura na Ría de Pontevedra, con 449,5 km² de superficie de conca e un caudal de 21,2 m³/s. Descende por fortes pendentes nos seus cursos alto e medio, para discorrer lentamente no curso baixo. Son moitos os seus afluentes no concello de Forcarei –o Taboadelo, o Nercellas, o Córneas, o Chamosa, o Soribas, o Ponteciñas, o Murada, o do Bosque, o Loureiro, o Espindo ou Atranco, o Freixeira, o Vilar, o do Castro e o Ventoso–. O mes de máis auga é o de febreiro e a estiaxe máis forte en setembro. **Está protexido en tres zonas: nas proximidades do nacemento, desde Aciveiro a Cerdedo e de San Xurxo de Sacos a Pontevedra.** A desembocadura ten aproximadamente 400 metros de anchura.





El río Lérez nace en la Sierra del Candán, a una altitud aproximada de 900 metros, en las laderas de la cumbre de San Benito (la sabiduría popular, apelando al simbolismo y a la magia que en las creencias populares tiene el número siete, lo hace surgir de siete fuente: fonte do Rego Dedra, fonte do Pau Dereito, fonte do Rego dos Bidros, fonte do Rego da Mexadoira, fonte do Carballo Torto, fonte do Rego das Latas y fonte do Forno Telleiro). Posee una longitud de 57 kilómetros hasta su desembocadura en la Ría de Pontevedra, con 449,5 km² de superficie de cuenca y un caudal de 21,2 m³/s. Desciende por fuertes pendientes en sus cursos alto y medio, para discurrir lentamente en el curso bajo. Son muchos sus afluentes en el ayuntamiento de Forcarei –el Taboadelo, el Nercellas, el Córneas, el Chamosa, el Sorribas, el Ponteciñas, el Murada, el del Bosque, el Loureiro, el Espindó o Atranco, el Freixeira, el Vilar, el del Castro y el Ventoso–. El mes de más agua es el de febrero y el estiaje más fuerte en septiembre. **Está protegido en tres zonas: en las proximidades del nacimiento, desde Aciveiro a Cerdedo y de San Xurxo de Sacos a Pontevedra.** La desembocadura tiene aproximadamente 400 metros de anchura.

*Sempre te encontro lavando
no río Lérez lixeiro
quen me dera ser o río
onde te lavas primeiro.*

RÍO UMIA:

O río Umiá nace, como o Lérez, na Serra do Candán, no lugar da Reigosa, ó se xuntaren, a unha altitude aproximada de 700 metros, os regatos Reigosa, Filloi, Alende e Agrela. Comeza o seu curso mainamente e logo adquire maior pendente, remansando no curso medio. Despois dunha caída en fervenza comeza o seu curso baixo, polo que discorre lentamente ata desembocar na Ría de Arousa. Ten augas altas en febreiro e a estiaxe máis marcada no mes de agosto. A superficie da súa conca é de 440,4 km² e o seu caudal de 16,3 m³/s.

El río Umia nace, como el Lérez, en la Sierra del Candán, en la aldea de A Reigosa, al unirse, a una altitud aproximada de 700 metros, los arroyos Reigosa, Filloi, Alende y Agrela. Comienza su curso sosesadamente y luego adquiere mayor pendiente, remansando en el curso medio. Después de una caída en cascada comienza su curso bajo, por el que discurre lentamente hasta desembocar en la Ría de Arousa. Tiene aguas altas en febrero y el estiaje más marcado en el mes de agosto. La superficie de su cuenca es de 440,4 km² y su caudal de 16,3 m³/s.




FREIXAS:

Chamámolas de moitos xeitos: Abanqueiros, cachóns, cadoiros, cataratas, fervedas, fervezas, freixas, mergulleiras, ruxidoiras, saltos. Son vivas manifestacións da auga chouteira que buliga nos nosos ríos e regatos. Hai dúcias delas, e algunhas son particularmente fermosas, como a que se forma nas invernías en Chamosa, visible desde Forcarei.

Las llamamos de muchas maneras: Arroyadas, borbotones, caídas, cascadas, cataratas, corrientes, hervideros, rápidos, saltos, torrenteras. Son vivas manifestaciones del agua retozona que bulle en nuestros ríos y arroyos. Las hay a docenas y algunas son particularmente hermosas, como la que se forma en las invernadas en la aldea de Chamosa, visible desde Forcarei.

FREIXA DE CHAMOSA:
42°35'34,09"N 8°21'57,09"O Altitude: 600 m.





POZO VERDE DE GROBAS (MILLARADA):
42°34'47.09"N 8°16'9.98"O Altitude: 618 m.

ÁREAS RECREATIVAS:



ÁREA DA PONTE DE ANDÓN
(ACIVEIRO):
42°37'29,57"N
8°18'31.68"O
Altitude: 629 m.

ÁREA DO COTELO
(FORCAREI):
42°35'9,65"N
8°20'36,01"O
Altitude: 497 m.

Agás a área recreativa de Valdeimiñoto, emprazada en pleno núcleo de Forcarei, todas están situadas ás beiras do río Lérez, e gozan, polo tanto, da proximidade da auga. Están dotadas dun mobiliario de pedra ou madeira que non rompe o encanto da súa localización. Todas son usadas tamén, en maior ou menor medida, para xantares campestres no verán e cando o tempo cálido o permite. Tres delas, Cotelo, Ponte de Andón e Ponte do Crego, sitúanse no itinerario da Ruta das Pontes do Lérez, co que supoñen ademais un obrigado alto para o camiñante do sendeiro.





ÁREA DA FREIXEIRA (FORCAREI):
42°34'9,98"N 8°19'58,97"O Altitude: 565 m.

Excepto el área recreativa de Valdeimiñoto, ubicada en pleno núcleo de Forcarei, todas están situadas en las orillas del río Lérez, y gozan, por lo tanto, de la cercanía del agua. Están dotadas de un mobiliario de piedra o madera que no rompe el encanto de su localización. Todas son usadas también, en mayor o menor medida, para comidas campestres en el verano y cuando el tiempo cálido lo permite. Tres de ellas, Cotelo, Ponte de Andón y Ponte do Crego, se sitúan en el itinerario de la Ruta das Pontes do Lérez, con lo que suponen además un obligado alto para el caminante del sendero.



ÁREA DA PONTE
DO CREGO
(DÚAS IGREXAS):
42°35'54,51"N
8°19'55,39"O
Altitude: 536 m.



ÁREA DE VALDEMIÑOTO (FORCAREI):
42°35'10,37"N 8°21'11,27"O Altitude: 555 m.



Piscinas Municipais de Forcarei e Soutelo

MUÍÑOS:



Muíño dos Penas en Trasdormonte



Muíño de cubo na Mámoa

No concello de Forcarei existen 287 muíños de río. Na década dos cincuenta do pasado século aínda moían 251. En canto alguén se pasea polas beiras do Umia e do Lérez, séntese engaiolado a cada paso por estas vellas construcións xurdidas da man dos habelenciosos canteiros da terra. Pola súa tipoloxía constructiva podemos distinguir con máis frecuencia os muíños de roda motriz horizontal, tamén chamados de rodicio, nas súas variedades de canle e de cubo –estes últimos, pola súa banda, poden ser verticais ou de balsa–. Pola forma de propiedade máis da metade son muíños de herdeiros, un terzo son de particulares e apenas un cinco por cento son muíños de maquiá.



Muíño do Vento en Trasdormonte



Muíño de Bugallo na Ponte



Muíño no Cotiño

En el ayuntamiento de Forcarei existen 287 molinos de río. En la década de los cincuenta del pasado siglo aún molían 251. Cuando alguien se pasea por las orillas del Umia o del Léz, se siente cautivado con frecuencia por estas viejas construcciones surgidas de la mano de los diestros canteros de la tierra. Por su tipología constructiva podemos distinguir con más frecuencia los molinos de rueda motriz horizontal, también llamados de rodicio, en sus variedades de canal y de cubo –estos últimos, a su vez, pueden ser verticales o de balsa–. Por su forma de propiedad más de la mitad son molinos de herederos, un tercio son de particulares y apenas un cinco por ciento son molinos maquileros.



Interior de muíño en Aciveiro

CAMPAMENTO DE PONTE MARIL:



Nos anos oitenta do pasado século o Concello de Forcarei, a través de mercas e cesións de terreos na paraxe denominada Ponte Maril, conseguiu o espazo suficiente para cederlle á Xunta de Galicia co específico propósito de construír, nun contorno natural privilexiado, un extenso campamento xuvenil **–ocupa máis de 26.000 metros cadrados–**. A día de hoxe é o mellor campamento de media montaña de Galicia. Está dotado cunha fermosa e espazosa piscina, rocódromo, tirolina, pistas deportivas e multitude de edificios para acoller o amplísimo abano de actividades que desenvolven na súa estada, ademais de dúas xenerosas áreas de acampada e algún que outro *bungalow*.

En los años ochenta del pasado siglo el Ayuntamiento de Forcarei, a través de compras y cesiones de terreno en el paraje denominado Ponte Maril, consiguió el espacio suficiente para cederle a la Xunta de Galicia con el específico propósito de construir, en un entorno natural privilegiado, un extenso campamento juvenil **–ocupa más de 26.000 metros cuadrados–**. A día de hoy es el mejor campamento de media montaña de Galicia. Está dotado con una hermosa y espaciosa piscina, rocódromo, tirolina, pistas deportivas y multitud de edificios para acoger el amplísimo abanico de actividades que desarrollan en su estancia, además de dos generosas áreas de acampada y algún que otro *bungalow*.

42°35'33.70"N
8°20'27.10"O
Altitude: 507 m.



RUTA DAS PONTES DO LÉREZ (PR-G 113):



Ponte románica de Andón

Esta ruta percorre as beiras do río Lérez. É unha senda lineal de 13,8 kilómetros, sinalizados e homologados, cun extremo no mosteiro de Aciveiro e o outro no lugar de Gaxín. Dende Aciveiro ata a Ponte Vella de Andón a ruta coincide no seu trazado co PR-G 100 "Sendeiro Natural Aciveiro – Candán". Ó pé da ponte sepáranse as dúas rutas e esta que nos ocupa abandona temporalmente o río, subindo dondamente polas abas do Pico de Valiñas. Logo, baixando por un tradicional camiño enlousado nun fermoso contorno de bosque húmido atlántico, retómase a senda cabo do Lérez na Ponte Carballa e, unha tras doutra, serán xa constantes as pontes: Ponte do Crego, Ponte Maril, Ponte Vella e Ponte Nova de Forcarei e a románica Ponte Gomaíl. Aquí a senda abandona o río novamente para subir á aldea de Gaxín e rematar a andaina. No

Esta ruta recorre las orillas del río Lérez. Es una senda lineal de 13,8 kilómetros, señalizados y homologados, con un extremo en el monasterio de Aciveiro y el otro en el lugar de Gaxín. Desde Aciveiro hasta la Ponte Vella de Andón la ruta coincide en su trazado con el PR-G 100 "Sendero Natural Aciveiro – Candán". Junto al puente se separan las dos rutas y esta que nos ocupa abandona temporalmente el río, subiendo suavemente por las laderas del Pico de Valiñas. Luego, bajando por un tradicional camino empedrado en un hermoso entorno de bosque húmedo atlántico, se retoma la senda a orillas del Lérez en la Ponte Carballa y, uno tras otro, serán ya constantes los puentes: Ponte do Crego, Ponte Maril, Ponte Vella y Ponte Nova de Forcarei y la románica Ponte Gomaíl. Aquí la senda abandona el río

percorrido, unha e outra vez, será sorprendido o caminante pola vizosa vexetación e a paisaxe natural moi domeada polos séculos de convivencia cos labregos. Como no caso do Sendeiro Natural Aciveiro – Candán, o Concello de Forcarei ofrece a posibilidade de se descargar unha audiotguía para mellor seguir esta ruta na páxina web .

nuevamente para subir a la aldea de Gaxín y finalizar la caminata. En el recorrido, una y otra vez, será sorprendido el caminante por la fértil vegetación y el paisaje natural muy domesticado por los siglos de convivencia con los labriegos. Como en el caso del Sendeiro Natural Aciveiro – Candán, el Ayuntamiento de Forcarei ofrece la posibilidad de descargarse una audiotguía para seguir mejor esta ruta en la páxina web .

*Vella ponte, testemuña
a forza de bicar o tempo
pedra irmá das árbores
pórtico do vento.*

F. Rozados "Rochi"

Ponte Gomail



Forcarei é pedra



ARQUEOLOXÍA:

En cada recanto da xeografía forcarense afloran mámoas: Aciveiro, Castrelo, Millarada, Presqueiras, A Madanela... Todas elas están catalogadas e significadas na Carta Arqueolóxica da provincia de Pontevedra, mercé ó labor de estudo e inventariado dos polígrafos Xosé Filgueira Valverde e Alfredo García Alén.

En Forcarei están catalogadas sesenta e nove mámoas, destacando varias necrópoles como o Campo das Mámoas, no Carrascal (A Madanela), onde aparecen sete, Mámoas de Coto Vello, en Dúas Igrexas, onde hai cinco e o Campo das Antas, en Castrelo, que presenta polo menos dez túmulos. Todas se poden inscribir entre o IV e o III milenio antes de Cristo.

Reconstrución conxectural dunha neveira



En cada rincón de la geografía forcarense afloran mámoas: Aciveiro, Castrelo, Millarada, Presqueiras, A Madanela... Todas ellas están catalogadas y significadas en la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra, gracias a la labor de estudio e inventariado de los polígrafos Xosé Filgueira Valverde y Alfredo García Alén.

En Forcarei están catalogadas sesenta y nueve mámoas, destacando varias necrópolis como el Campo das Mámoas, en O Carrascal (A Madanela), donde aparecen siete, Mámoas de Coto Vello, en Dúas Igrexas, donde hay cinco y el Campo das Antas, en Castrelo, que presenta al menos diez. Todas se pueden inscribir entre el IV y el III milenio antes de Cristo.



Vista aérea do Castro de Loureiro

Tamén os castros abundan: Presqueiras, Sanguñedo, Vilar, Fixó, Loureiro, Castrelo. Un castro é unha estrutura de morfoloxía máis ou menos circular composta de diversos elementos defensivos, que destaca na paisaxe. Cómpre entendelos como lugares onde viviu xente e onde desenvolveu esa xente as súas actividades cotiás.

A cronoloxía dos castros vai desde a fin da Idade do Bronce ata a época romana. No territorio de Forcarei existe un total de nove castros catalogados.

También los castros abundan: Presqueiras, Sanguñedo, Vilar, Fixó, Loureiro, Castrelo. Un castro es una estructura de morfología más o menos circular compuesta de diversos elementos defensivos, que destaca en el paisaje. Es preciso entenderlos como lugares donde vivió gente y donde desarrolló esa gente sus actividades cotidianas.

La cronología de los castros va desde el fin de la Edad del Bronce hasta época romana. En el territorio de Forcarei existe un total de nueve castros catalogados.

Destaca o castro de Loureiro pola súa configuración de recinto amurallado cun complexo sistema defensivo de foxo – parapeto – foxo cara ó NE. O foxo oscila entre os 13,5 metros, no oeste, e os 6 metros, no leste. Está, ademais, moi ben conservado en toda a súa estrutura.

Existen tamén insculturas e gravados rupestres representativos no monte Seixo, únicos no seu xénero ó incorporaren nas súas representacións signos cruciformes, áboriformes e acutiformes, cuxa significación, segundo o estudioso López Cuevillas, é difícil de precisar debido á súa complexidade. Os xacementos que cómpre destacar son dous, segundo o tamén estudioso Fermín Bouza Brey, Outeiro do Cuspe e Laxe das Buratas.

Preséntase outro grupo de gravados cruciformes digno de estudo no monte Penide, nos límites das parroquias de Dúas Igrexas e Pereira,

Destaca el castro de Loureiro por su configuración de recinto amurallado con un complejo sistema defensivo de foso – parapeto – foso hacia el NE. El foso oscila entre los 13,5 metros, en el oeste, y los 6 metros, en el este. Está, además, muy bien conservado en toda su estructura.

Existen también insculturas y grabados rupestres representativos en el monte Seixo, únicos en su género al incorporar en sus representaciones signos cruciformes, áboriformes y acutiformes, cuya significación, según el estudioso López Cuevillas, es difícil de precisar debido a su complejidad. Los yacimientos que es preciso destacar son dos, según el también estudioso Fermín Bouza Brey, Outeiro do Cuspe y Laxe das Buratas.

Se presenta otro grupo de grabados cruciformes digno de estudio en el monte Penide, en los límites de las parroquias de Dúas Igrexas y Pereira,




Mármoa e cazoletas na Mármoa (Castrelo)

Insculturas cruciformes en Penide



Interior de neveira
en Fixó (Millarada)



Inscultura en Presqueiras



Interior de mámoa en Castrelo

recentemente estudado por María José Troitiño López.

Nas proximidades do Campo das Antas, en Castrelo, tamén se poden ver algunhas rochas coas prehistóricas covañas ou cazoletas.


Merecen capítulo á parte as Neveiras, construídas para producir xeo, con destino ó autoconsumo e á comercialización. Posuíanas o mosteiro de Aciveiro, o Cabido Compostelán e algún particular. De orixe medieval, aínda estaban en uso nas primeiras décadas do século XVIII. As únicas que se conservan son as de Fixó (Millarada), con forma de pozo de planta circular de entre catro e oito metros de diámetro e con muro de cachotería ben asentada. Aparecen restos de tella curva nos seus arredores, procedentes do teito que cubría o pozo.

recentemente estudiado por María José Troitiño López.

En las proximidades del Campo das Antas, en Castrelo, también se pueden ver algunas rocas con las prehistóricas cúpulas o cazoletas.

Merecen capítulo aparte las Neveras, construídas para producir hielo, con destino al autoconsumo y a la comercialización. Las poseían el monasterio de Aciveiro, el Cabildo Compostelano y algún particular. De origen medieval, aún estaban en uso en las primeras décadas del siglo XVIII. Las únicas que se conservan son las de Fixó (Millarada), con forma de pozo de planta circular de entre cuatro y ocho metros de diámetro y con muro de mampostería bien asentada. Aparecen restos de teja curva en sus alrededores, procedentes del techo que cubría el pozo.

RUTA FIXÓ - PORTELA:



Roteiro promovido polos comuneiros de Fixó-Portela, Sanguñedo e Vilariño que permite achegarse, entre outros atractivos naturais e patrimoniais, a dúas das antigas neveiras escavadas no monte para a produción de xeo a partir da neve ou á aldea abandonada de Grobas.

Ten unha lonxitude aproximada de 4 kilómetros. Discorre de xeito circular entre as dúas aldeas, flanqueado por castiñeiro, bidueiros, carballos e piñeiros.

Ademais dos atractivos xa salientados, achega o camiñante á mámoa de Rofete, á talleira de Vilariño e ó camiño dos arrieiros. O sendeiro chega tamén a un miradoiro no promontorio de Malpaso. Este itinerario inclúe paraxes de gran valor natural como as devesas de Vilariño ou a ferverza da Freixa. Complementábase coa paisaxe natural da Serra do Candán, na zona fragosa cara a aldea de Grobas, as devesas de Fixó, a devesa da Carpaza de Vilariño e os cumes do Candán e do Coco.

Mapa e
sinais da ruta





Aldea de Grobas

Ruta impulsada por los comuneros de Fixó-Portela, Sanguñedo y Vilariño que permite llegar, entre otros atractivos naturales y patrimoniales, a dos de las antiguas neveras excavadas en el monte para la producción de hielo a partir de la nieve o a la aldea abandonada de Grobas.

Tiene una longitud aproximada de 4 kilómetros. Discurre de manera circular entre las dos aldeas, flanqueada por castaños, abedules, robles y pinos.

Además de los atractivos ya señalados, acerca al caminante a la mámoa de Rofete, a la *telleira* de Vilariño y al camino de los arrieros. El sendero llega también a un mirador en el promontorio de Malpaso. Este itinerario incluye parajes de gran valor natural como las dehesas de Vilariño o la cascada da Freixa. Se complementa con el paisaje natural de la Sierra del Candán, en la zona escarpada hacia la aldea de Grobas, las dehesas de Fixó, la dehesa de la Carpaza de Vilariño y las cumbres del Candán y del Coco.



Neveiras de Fixó:
42°34'1.70"N 8°16'49.15"O
Altitude: 813 m.

O MOSTEIRO DE ACIVEIRO:

42°37'3.32"N 8°18'6.42"O Altitude: 722 m.

O mosteiro de Santa María a Real de Aciveiro é unha das xoias do románico serodio da provincia de Pontevedra. **Fundado no ano 1135, foi durante setecentos anos –ata a desamortización de Mendizábal– o centro de poder relixioso, social e cultural que, canda a torre fortaleza dos xuíces-meriños erguida por mandato do arcebispo Xelmírez en Presqueiras, rematou de definir e impulsar a comarca de Terra de Montes, creada baixo o reinado do suevo Teodomiro no derradeiro terzo do século VI.**

Caracterízase por unha sobria arquitectura e pola xenerosa amplitude dos seus espazos. De planta basilical, o templo é o único que resta da primixenia concepción románica, con excepción da fachada, que foi erguida no século XVIII no estilo barroco popular que practicaban por aquel entón os mestres canteiros da terra. O interior imita en todo a escola compostelá: nos piares, na distribución das naves e mesmo no falso triforio. Este –aquí meramente ornamental pola ausencia

El monasterio de Santa María la Real de Aciveiro es una de las joyas del románico tardío de la provincia de Pontevedra. **Fundado en el año 1135, fue durante setecientos años –hasta la desamortización de Mendizábal– el centro de poder religioso, social y cultural que, junto con la torre fortaleza de los jueces-merinos erguida por mandato del arzobispo Gelmírez en Presqueiras, acabó de definir e impulsar la comarca de Terra de Montes, creada bajo el reinado del suevo Teodomiro en el último tercio del siglo VI.**

Se caracteriza por una sobria arquitectura y por la generosa amplitud de sus espacios. De planta basilical, el templo es lo único que resta de la primigenia concepción románica, con excepción de la fachada, que fue erguida en el siglo XVIII en el estilo barroco popular que practicaban por aquel entonces los maestros canteros de la tierra. El interior imita en todo la escuela compostelana: en los pilares, en la distribución de las naves e incluso en el falso triforio. Este –aquí meramente ornamental



Vista nocturna da ábsida



Falso triforio



Capitel do templo

Patio da hospedería



de tribuna— é un fenómeno moi desacostumado en Galicia. Aciveiro comparte esa peculiar característica con tan só outras dúas igrexas, **Santa María de Xunqueira de Ambía** e **Santa Mariña de Augasantas**, ambas do románico ourensán. Os capiteis son variadísimos e dunha labra admirable. As naves carecen de bóveda e a armazón da teitume, de madeira, apóiase no falso triforio. **O retablo atribúese ó célebre artista Miguel de Romay.**

por la ausencia de tribuna— es un fenómeno muy desacostumado en Galicia. Aciveiro comparte esa peculiar característica con tan sólo otras dos iglesias, **Santa María de Xunqueira de Ambía** y **Santa Mariña de Augasantas**, ambas del románico ourensano. Los capiteles son variadísimos y de una labra admirable. Las naves carecen de bóveda y el armazón de la techumbre, de madera, se apoya en el falso triforio. **El retablo se atribuye al célebre artista Miguel de Romay.**

Onde a estética acada as súas meirandes cotas é na ábsida, con dous corpos semicirculares nos lados e un hexagonal no centro. Os laterais teñen dous óculos e dúas fiestras, e o central desprega elegantes arcos de medio punto coroados con moldura xadrezada ou taqueado xaqués nas arquivoltas. Sostéñenos lanzais columniñas cilíndricas rematadas en finos capiteis de prodixiosa factura. A cornixa ofrece uns orixinais modillóns e presenta profusa decoración xeométrica. **Todo o conxunto absidal está elaborado no estilo románico-bizantino propio da época.**

Corpo central da ábsida



Donde la estética alcanza sus mayores cotas es en el ábside, con dos cuerpos semicirculares en los lados y un hexagonal en el centro. Los laterales tienen dos óculos y dos ventanas, y el central despliega elegantes arcos de medio punto coronados con moldura ajedrezada o taqueado jaqués en las arquivoltas. Los sostienen esbeltas columnillas cilíndricas rematadas en finos capiteles de prodigiosa factura. La cornisa ofrece unos originales modillones y presenta profusa decoración geométrica. **Todo el conjunto absidal está elaborado en el estilo románico-bizantino propio de la época.**

Unha eirexa do máis fermoso románico que se fixo nesta terra en que tanto esplendor acadou tal estilo arquitectónico.

Fermín Bouza Brey



Vista aérea do conxunto cenobial



Nave central da igrexa



Detalle do retablo


O recinto cenobial mostraba ata a súa remodelación unha estrutura fiel ás pautas cistercienses, é dicir, dispoñendo en torno a un claustro as diversas dependencias: a cocíña, o refectorio, o *scriptorium*, a sala capitular, as cortes das bestas e as celas dos frades no primeiro andar. A partir do ano 2000 adopta unha nova configuración para obedecer ás funcións de hospedería que desempeña na actualidade.

El recinto cenobial mostraba hasta su remodelación una estructura fiel a las pautas cistercienses, es decir, disponiendo en torno a un claustro las diversas dependencias: la cocina, el refectorio, el *scriptorium*, la sala capitular, las caballerizas y las celdas de los frailes en el primer piso. A partir del año 2000 adopta una nueva configuración para obedecer a las funciones de hospedería que desempeña en la actualidad.

IGREXAS:

SAN MARTIÑO DE FORCAREI:

Un primitivo templo de San Martiño foi reconstruído no ano 1697. Reedificouse en 1787 baixo a dirección de obra dos mestres Pedro Varela e Pedro Gutiérrez, e foi ampliado no brazo sur mediado o século XX. Ten planta de cruz latina cuberta con bóveda de arista, e a ábsida e sacristía son cuadrangulares. **A fachada principal é de estilo neoclásico**, con porta de medio punto, sobre a que se alza un nicho coa imaxe da Virxe e unha fiestra cadrada. Do frontón partido arranca o campanario, cuadrangular no primeiro corpo, octogonal no segundo, cupuliforme e nervado no terceiro. Un pináculo con cruz de ferro completa o conxunto. **Os mestres construtores souberon conferirle unhas seren as proporcións e un gran sentido do equilibrio en toda a súa composición.**



Un primitivo templo de San Martín fue reconstruido en el año 1697. Se reedificó en 1787 bajo la dirección de obra de los maestros Pedro Varela y Pedro Gutiérrez, y fue ampliado en el brazo sur mediado el siglo XX. Tiene planta de cruz latina cubierta con bóveda de arista, y el ábside y la sacristía son cuadrangulares. **La fachada principal es de estilo neoclásico**, con puerta de medio punto, sobre la que se alza una hornacina con la imagen de la Virgen y una ventana cuadrada. Del frontispicio partido arranca el campanario, cuadrangular en el primer cuerpo, octogonal en el segundo, cupuliforme y nervado en el tercero. Un pináculo con cruz de hierro completa el conjunto. **Los maestros constructores han sabido conferirle unas serenas proporciones y un gran sentido del equilibrio en toda su composición.**

SAN AMEDIO DE MILLARADA:

A igrexa de San Amedio, con planta de cruz latina, é unha das máis grandes e fermosas da Terra de Montes, de composición prismática e equilibrada. A fachada preséntase en tres corpos: o primeiro rematado en elegante e suave gola con pináculos, de cuxo centro parte o campanario, separado do segundo corpo por unha robusta cornixa. Neste segundo corpo alóxanse as campás baixo arcos peraltados, e o terceiro máis miúdo e rematado en cupuliño e pináculo cunha cruz entrecruzada.

Cómpre destacar, no seu interior, o retablo da capela dos Remedios, adosada ó templo, co escudo desta Virxe amosando un corazón sobre unha aguia bicéfala no centro e os escudos familiares ós lados, coas armas da Inquisición, da que era comisario o fundador da capela, dono tamén do pazo de Hermosende.



42°34'30.91"N 8°18'21.88"O Altitude: 616 m.

La iglesia de San Mamed, con planta de cruz latina, es una de las más grandes y hermosas de Terra de Montes, de composición prismática y equilibrada. La fachada se presenta en tres cuerpos: el primero rematado en elegante y suave gola con pináculos, de cuyo centro parte el campanario, separado del segundo cuerpo por una robusta cornisa. En este segundo cuerpo se alojan las campanas bajo arcos peraltados, y el tercero más menudo y rematado en cupulillo y pináculo con una cruz entrecruzada.

Es preciso destacar, en su interior, el retablo de la capilla de los Remedios, adosada al templo, con escudo de esta Virgen mostrando un corazón sobre un águila bicéfala en el centro y los escudos familiares a los lados, con las armas de la Inquisición, de la que era comisario el fundador de la capilla, dueño también del pazo de Hermosende.



SANTA MARÍÑA DE CASTRELO:

42°33'37.66"N 8°21'56.39"O Altitude: 564 m.

O templo parroquial **data do século XVI**, con posterior restauración e ampliación no ano 1752, efectuada polo mestre canteiro Manuel Cadavid e o carpinteiro Salvador Lorenzo. Ten planta de cruz latina e presbiterio rectangular, con dúas capelas que abren cadanseu arco formeiro historiado e de medio punto. Remata en lanzal espadana de tres corpos.

El templo parroquial **data del siglo XVI**, con posterior restauración y ampliación en el año 1752, efectuada por el maestro cantero Manuel Cadavid y el carpintero Salvador Lorenzo. Tiene planta de cruz latina y presbiterio rectangular, con dos capillas que abren sendos arcos formeros historiados y de medio punto. Remata en esbelta espadaña de tres cuerpos.



SANTA MARÍA DE DÚAS IGREXAS:

42°36'8.30"N
8°20'5.22"O
Altitude: 572 m.



Os muros son lisos, de pedra concertada. **Cóbrese con bóveda de complexa crucería, á maneira da ábsida maior de Aciveiro.** O corpo da igrexa, a torre e a portada realizáronse no ano 1822. Ten planta basilical e a fachada presenta tres corpos, o primeiro rematado en golas xeminadas, do que xorde o campanario no centro e o segundo e o terceiro compostos polo propio campanario, nun corpo cuadrangular e outro octogonal acabado en cupuliño. A mediados do século XVIII construírase a ábsida seguindo o modelo da construción primitiva, de orixe románica.

Los muros son lisos, de piedra concertada. **Se cubre con bóveda de compleja crucería, a la manera del ábside mayor de Aciveiro.** El cuerpo de la iglesia, la torre y la portada se realizaron en el año 1822. Tiene planta basilical y la fachada presenta tres cuerpos, el primero rematado en golas geminadas, del que surge el campanario en el centro y el segundo y el tercero compuestos por el propio campanario, en un cuerpo cuadrangular y otro octogonal acabado en cupulillo. A mediados del siglo XVIII se había construido el ábside siguiendo el modelo de la construcción primitiva, de origen románico.

SAN XOÁN DE MEAVÍA:

42°38'59,31"N 8°22'39,52"O Altitude: 547 m.

O templo data do século XVIII e é de planta de salón e cuberta a dúas augas. A portada é moi austera e o campanario, espadanado, está dividido en dous corpos, o primeiro con dous arcos peraltados e dúas campás e o segundo cun só arco e unha campá de menor tamaño.

El templo data del siglo XVIII y es de planta de salón y cubierta a dos aguas. La portada es muy austera y el campanario, espadanado, está dividido en dos cuerpos, el primero con dos arcos peraltados y dos campanas y el segundo con un sólo arco y una campana de menor tamaño.



SAN PEDRO DE QUINTILLÁN:

42°37'50,99"N 8°22'13,72"O
Altitude: 537 m.



Sobresae o cruceiro exterior, chamado das Procesións, barroco e moi historiado no seu fuste. **A portada é unha fermosa mostra do barroco popular**, e o campanario, que parte do centro da portada, posúe un primeiro corpo con arcos xeminados acollendo as campás e un segundo con arco de medio punto semicego e coroadado por un pináculo cunha cruz latina de pedra.

Sobresale el cruceiro exterior, llamado de las Procesiones, barroco y muy historiado en su fuste. **La portada es una hermosa muestra del barroco popular**, y el campanario, que parte del centro de la portada, posee un primer cuerpo con arcos geminados acogiendo las campanas y un segundo con arco de medio punto semicego y coronado por un pináculo con una cruz latina de piedra.

SAN MIGUEL DE PRESQUEIRAS:

42°31'29.51"N 8°20'48.77"O Altitude: 583 m.

De fachada barroca. Do corpo principal sobresaen unha capeliña brasonada de apreciable cantería no interior, que alberga varias figuras de santos. O retablo, barroco na súa composición, está presidido no seu centro pola figura do patrón parroquial, o arcanxo San Miguel, sobre o que se ergue o nicho que acolle a figura do Creador.

De fachada barroca. Del cuerpo principal sobresale una capillita blasonada de apreciable cantería en el interior, que alberga varias figuras de santos. El retablo, barroco en su composición, está presidido en su centro por la figura del patrón parroquial, el arcángel San Miguel, sobre el que se yergue el nicho que acoge la figura del Creador.



SANTA MARÍA DE PRESQUEIRAS:

42°30'46.90"N 8°20'20.15"O
Altitude: 581 m.



É de nave única con teito a dúas augas e fachada con lintel e nicho, da que sobresaen, xa no primeiro corpo, unha torre do campanario de tres corpos máis, cuadrangulares os dous primeiros e hexagonal o terceiro, todos tres con arcos peraltados. Remata en cupuliño e pináculo. **Ofrece unha imaxe moi lanzal en comparación coas outras igrexas.** Foi obra do crego e canteiro Manuel Fraiz Garrido, agás a sacristía, construída polo canteiro Andrés Couceiro.

Es de nave única con techo a dos aguas y fachada con dintel y hornacina, de la que sobresale, ya en el primer cuerpo, una torre del campanario de tres cuerpos más, cuadrangulares los dos primeros y hexagonal el tercero, todos ellos con arcos peraltados. Remata en cupulino y pináculo. **Ofrece una imagen muy esbelta en comparación con las otras iglesias.** Fue obra del cura y cantero Manuel Fraiz Garrido, excepto la sacristía, construída por el cantero Andrés Couceiro.

SAN NICOLAO DE VENTOXO:

42°32'37.52"N 8°19'22.18"O Altitude: 618 m.

Foi erguida no século XVII por un mestre de arquitectura chamado Amaro Guerrero, que tamén traballaría nas dúas parroquias de Presqueiras. A portada é moi sinxela e sobria, e ten un campanario centrado e espadanado con dous arcos peraltados, rematando nunha moldura con pináculos ós lados e unha cruz latina no centro.

Fue erguida en el siglo XVII por un maestro de arquitectura llamado Amaro Guerrero, que también trabajaría en las dos parroquias de Presqueiras. La portada es muy sencilla y sobria, y tiene un campanario centrado y espadado con dos arcos peraltados, rematando en una moldura con pináculos a los lados y una cruz latina en el centro.




SAN BARTOLOMEU DE PEREIRA:

42°37'48.81"N 8°19'1.74"O Altitude: 664 m.



A igrexa parroquial, **de estilo barroco e de medianas proporcións, está coroadada por unha espadana cuadrangular de tipo cisterciense, e data do século XVII.** No seu interior consérvase unha fermosa pía bautismal románica, do século XIII, decorada con cruces latinas, flores de lis, pomas e figuras xeométricas. Tamén conserva unha imaxe barroca da Virxe, do século XVII, un San Bartolomeu e unha Santa Lucía, ambas do XVI.

La iglesia parroquial, **de estilo barroco y de medianas proporciones, está coronada por una espadaña cuadrangular de tipo cisterciense, y data del siglo XVII.** En su interior se conserva una hermosa pila bautismal románica, del siglo XIII, decorada con cruces latinas, flores de lis, pomas y figuras geométricas. También conserva una imagen barroca de la Virgen, del siglo XVII, un San Bartolomé y una Santa Lucía, ambas del XVI.



SANTIAGO DE PARDESOA:

42°31'6.90"N 8°18'34.26"O Altitude: 605 m.

Consta de tres corpos. No primeiro figura a portada alintelada, sobre a que se empraza unha xanela circular e un nicho coa imaxe da Virxe. O segundo mostra dous arcos peraltados que sosteñen as campás e o terceiro posúe un pequeno frontón de liñas onduladas rematado en tres pináculos.

Consta de tres cuerpos. En el primero figura la portada adintelada, sobre la que se ubica una ventanita circular y una hornacina con la imagen de la Virgen. El segundo muestra dos arcos peraltados que sostienen las campanas y el tercero posee un pequeño frontón de líneas onduladas rematado en tres pináculos.

SANTA MARÍA MADANELA:

42°32'10.94"N 8°18'0.01"O Altitude: 646 m.

É a única igrexa de traza vangardista do municipio, pois nos anos 60 do pasado século derrubouse a primitiva, emprazada no lugar da Madanela, e construíuse a actual en Soutelo de Montes, de liñas ousadas e amplos e funcionais espazos. No adro da igrexa podemos admirar un cruceiro de pequena basa cúbica de 40 cms. e fuste octogonal de 2,5 m.

Es la única iglesia de traza vanguardista del municipio, pues en los años 60 del pasado siglo se derribó la primitiva, ubicada en el lugar de A Madanela, y se construyó la actual en Soutelo de Montes, de líneas osadas y amplios y funcionales espacios. En el atrio de la iglesia podemos admirar un crucero de pequeña basa cúbica de 40 cms. y fuste octogonal de 2,5 m.



CRUCEIROS, CRUCES E PETOS DE ÁNIMAS:

Cruceiro e campanario de Forcarei



En Forcarei existe unha trintena de cruceiros, de labra máis que admirable nalgúns casos. A meirande parte deles data do século XVIII, pero tamén os hai anteriores, como os de Pardesoa e Millarada, e posteriores, do século XIX e comezos do XX, como os de Aciveiro e Forcarei. Estes dous foron labrados polo mesmo artista, Xosé Ferreiro, na derradeira década do século XIX.

En Forcarei existe una treintena de cruceros, de labra más que admirable en algunos casos. La mayor parte de ellos data del siglo XVIII, pero también los hai anteriores, como los de Pardesoa y Millarada, y posteriores, del siglo XIX y comienzos del XX, como los de Aciveiro y Forcarei. Estos dos fueron labrados por el mismo artista, Xosé Ferreiro, en la última década del siglo XIX.



Cruceiro de Castrelo



Cruz do Cotiño



Cruceiro de Dúas Igrexas

Unicamente existen en todo o concello dous petos de ánimas, na vila de Soutelo de Montes, un ó pé da estrada Ourense-Pontevedra, do ano 1832, e outro, o da Virxe das Angustias, de entre os séculos XVIII e XIX, na Aldea de Riba.

Únicamente existen en todo el ayuntamiento dos petos de ánimas, en la villa de Soutelo de Montes, uno al pie de la carretera Ourense-Pontevedra, del año 1832, y otro, el de la Virgen de las Angustias, de entre los siglos XVIII y XIX, en la Aldea de Riba.

Cruceiro de Forcarei

Cruces en Aciveiro

Cruceiro de San Miguel







Cruceiro de Quintillán

CANTEIROS:

A de canteiro pasa por ser, canda a de borreiro, a profesión máis típica de Forcarei na época dos oficios artesanais. Isto débese á pegada que deixou o mosteiro de Aciveiro e á escola que supuxo para estas dúas tradicionais actividades. **Segundo o catastro do Marqués de la Ensenada, que foi elaborado en torno ó ano 1752, había un total de 173 canteiros e 119 borreiros entre todas as parroquias que compoñían o actual termo municipal.** Non é de extrañar que a cada paso poidamos ollar un cruceiro, un hórreo, un pombal, unha fonte ou unha alvariza, todos en ben entretecida pedra e dunha beleza portentosa. Os canteiros de Forcarei e de toda a Terra de Montes gañaron a pulso a súa sonda de bos labrantes e bos artistas, e as súas obras esténdense por toda a península e mesmo alende os mares, nas terras de América.



Hórreo en Dúas Igrexas





Fonte de pedra en Loureiro



Piedade en pedra



Bufarda en Quintelas

La de cantero pasa por ser, junto a la de *borreiro*, la profesión más típica de Forcarei en la época de los oficios artesanos. Esto se debe a la huella que dejó el monasterio de Aciveiro y a la escuela que supuso para estas dos tradicionales actividades. **Según el catastro del Marqués de la Ensenada, que fue elaborado en torno al año 1752, había un total de 173 canteros y 119 borreiros entre todas las parroquias que componían el actual término municipal.** No es de extrañar que a cada paso podamos observar un crucero, un hórreo, un palomar, una fuente o un colmenar, todos en bien entretejida piedra y de una belleza portentosa. Los canteros de Forcarei y de toda la Terra de Montes se ganaron a pulso su fama de buenos labrantes y buenos artistas, y sus obras se extienden por toda la península e incluso allende los mares, en las tierras de América.



Canteiro picando na pedra

Os canteiros de Forcarei sempre foron homes de mundo, acostumados a viaxar. E ese seu viaxar convertíalos en xente sabia, coma unha elite privilexiada no inmobilismo afogador das sociedades agrarias.

Xosé Luis Barreiro

ALVARIZAS:

Xa dixemos que unha das profesións máis socorridas nesta terra era a de *borreiro*. O *borreiro* era o que se ocupaba de colleitar a cera das colmeas de abellas e de traficar con ela. **Era frecuente que, na época en que aínda existían osos na nosa paisaxe, os apicultores das zonas máis montañosas e boscosas tiveran alvarizas para así evitar os embates dos plantígrados.** Estas construcións eran feitas por canteiros moi destros na cachotería, pois con esa técnica era coa que se erguían estas singulares *fábricas* de mel e de cera.

Ya hemos dicho que una de las profesiones más socorridas en esta tierra era la de *borreiro*. El *borreiro* era el que se ocupaba de cosechar la cera de las colmenas de abejas y de traficar con ella. **Era frecuente que, en la época en que aún existían osos en nuestro paisaje, los apicultores de las zonas más montañosas y boscosas tuviesen colmenares para así evitar los embates de los plantígrados.** Estas construcciones eran hechas por canteros muy diestros en la mampostería, pues con esa técnica era con la que se alzaban estas singulares *fábricas* de miel y de cera.

Alvariza na Rochela

Cerería da Casanova

Alvarizas en
Pereira e
Rozados

HÓRREOS:

Nas economías agrícolas eran fundamentais estas construcións. Obviando as diversas tipoloxías que existen, o verdadeiro atractivo dos centos de hórreos de Forcarei aséntase na prodixiosa capacidade dos canteiros e labrantes para conferirlles vida a través das capeliñas e elementos estéticos que predominan na súa execución. De contornos sempre equilibrados e elegantes, os hórreos das aldeas de Forcarei

En las economías agrícolas eran fundamentales estas construcciones. Obviando las diversas tipologías que existen, el verdadero atractivo de los cientos de hórreos de Forcarei se asienta en la prodigiosa capacidad de los canteros y labrantes para conferirles vida a través de las capillas y elementos estéticos que predominan en su ejecución. De contornos siempre equilibrados y elegantes, los hórreos de las

Hórreo en Andón



Hórreo en Fixó





Hórreo en Quintelas




Eirado en Vilariño



Hórreo na Barciela

constitúen un verdadeiro agasallo para a vista e un gallardo vestixio que nos fala con respecto e compostura da nosa sociedade tradicional.

aldeas de Forcarei constituyen un verdadero regalo para la vista y un gallardo vestigio que nos habla con respecto y compostura de nuestra sociedad tradicional.



ESCULTURA PÚBLICA:

Estatua da Muller Labrega



Son dignos de salientar algúns dos exemplos de escultura pública que existen no concello. Normalmente responden a homenaxes e lembranzas e adoitan ser en pedra, agás dúas delas: a estatua que preside a Praza do Gaitero en Soutelo de Montes, realizada en bronce polo escultor Xoán Piñeiro e o busto de gratitude ó filántropo soutelán don Alfredo González Barros, nese mesmo material. A estatua da Muller Labrega, esculpida en pedra

Son dignos de destacar algunos de los ejemplos de escultura pública que existen en el ayuntamiento. Normalmente responden a homenajes y recuerdos y acostumbran a ser en piedra, excepto dos de ellas: la estatua que preside la Plaza del Gaitero en Soutelo de Montes, realizada en bronce por el escultor Xoán Piñeiro y el busto de gratitud al filántropo soutelano don Alfredo González Barros, en ese mismo material. La estatua de la Mujer Labriega,



Gaiteiro, de Marcos Escudero



Esculturas funerarias en Quintillán e Millarada




Busto de Alfredo
González Barros

